

# Primavera das Letras

## RÍOS DE VIDA EN VERSO



Dende a casa natal de Manuel María ata o río máis grande de Galicia apenas hai uns centos de metros.

O Miño marcou a infancia e mocidade do poeta. Para despexar calquera dúbida, só temos que buscar as numerosas referencias aos ríos que hai na súa obra. Hai poemas dedicados específicamente ao río Miño, pero tamén a outros moito más pequenos como o Madanela ou incluso a humildes regatos como o Cepelo.

Sabes a diferença entre un río e un regato?

Un río é un curso natural e permanente de auga doce, que flúe por un leito e que desemboca no mar, nun lago ou outro río.

Un regato, ou un requeiro, é coma un río en miniatura. Ten un curso de auga moi pouco abundante e en moitas ocasións, no verán, incluso pode chegar a secar.



REAL ACADEMIA GALEGA



REAL ACADEMIA GALEGA



Manuel María cantoulle ao pai dos nosos ríos.

### O Miño

"Déixame posar o meu ouvido duro  
sobre das túas ondas por sentir  
o teu eterno corazón de río  
e facer miña turbadora música  
que levas latexando nas entrañas."

Tamén tivo versos para os cursos  
fluviais más humildes: os regatos.

"Nunca tiveches unha arela  
de tan humilde e sinxelo:  
- meu regato do Cepelo,  
das Regas ou da Barciela!  
Malia o teu nome sonoro,  
es regato e non río:  
o teu caudal tan esguio  
nunca encherá un encoro!  
Mais dis con xentileza,  
leve vea rumorosa,  
unha canción misteriosa,  
dunha asombrosa beleza."



Que río é o que pasa máis preto da túa casa? E do teu colexio? Desemboca directamente no mar ou nunha lagoa ou é un afluente? Busca información sobre el.

Primavera  
das Letras





REAL ACADEMIA GALEGA



A Galicia chámbole o país dos mil ríos pola cantidade de ríos (e regatos) que hai por aldeas, vilas e cidades. O máis grande de todos é o río Miño. O seu curso comeza cun fio de auga no norte do país, concretamente na Serra de Meira. Logo percorre máis de 300 quilómetros ata desembocar no Atlántico, na estrema sur de Galicia.



Coa axuda dun atlas, escribe sobre o mapa o nome destes 23 grandes ríos galegos:  
Anllóns, Arnoia, Eo, Eume, Landro, Lérez, Limia, Mandeo, Masma, Mera, Mero, Miño,  
Navia, Sil, Sor, Tambre, Támega, Tea, Ulla, Umia, Verdugo, Xallas e Xuvia.

Primavera  
das Letras





REAL ACADEMIA GALEGA

Os ríos, os regatos, os lagos ou as lagoas son masas de auga doce fundamentais para a nosa vida pero tamén para a de moitas outras especies que habitan neles e nas súas ribeiras. Nun dos seus últimos libros, 'O Miño canle de luz e néboa' (1996), Manuel María fai unha 'Proclama aos peixes do río Miño'.

"Meus amadisimos peixes, ordenados  
en tribos, provincias e nacións:  
salmós, troitas, anguias,  
escalos, sábalos, lampreas  
e ainda o recente blas-blas.  
Morades en casais, parroquias,  
vilas e cidades que os humanos  
non ollan nin descobren:  
só a vós

vos falo pois quero sementar  
no voso leve e delicado corazón  
a flor marabillosa do amor.  
Coidade dos subacuáticos fondos  
e non deixedes luxar endexamais  
a pureza das augas cristalinas.  
Confederádevos xa coas galiñas,  
cabaliño do demo, parrulos,  
arceas e lavancos:

loitade ferozmente

contra tanta polución envenenada  
que vos asasina sen piedade  
e destrúe a beleza dos ríos  
e a perfecta fermosura do mundo.



Se te fixaches, as ilustracións refírense a animais dos que fala Manuel María no poema.  
Ponlle nome a cada imaxe.

Primavera  
das Letras





REAL ACADEMIA GALEGA

"Ti estabas aló na Pastoriza  
pastoreando nubes e lavercas,  
escoitando rinchar os poldros bravos  
nos montes orballados de Reigosa.  
Era fermoso e doce imaxinarte,  
envisa e silandeira coma un río  
de auga cristalina e refrescante."



Na literatura o río simboliza a vida, o paso do tempo... mais tamén o tempo de lecer e de amar. En 1981, Manuel María dedicoulle un libro á muller coa que compartiu toda unha vida. A obra, 'Poemas da labarada estremecida', ten unha dedicatoria que resume o triunfo do amor sobre o tempo:

"Para Saleta, despois de tantos anos sempre nidia labarada estremecida".

Con Manuel María aprendemos tamén que os ríos, ademais de auga, levan versos e vida!

Primavera  
das Letras

